



## A Dama do Vento

**B**rais baixou polo Camiño Vello da Moura ata que chegou a un punto da fraga tan escuro que a penas podía ver o sol que espertaba con forza.

Erguérase máis cedo do normal, pois quería recuperar a ferramenta que deixara na fonte das augas máxicas. O día anterior, fora coa súa nai coller auga ao pequeno manancial que se atopaba agachado entre penedos e arbustos nas terras de San Martiño de Portela. Ela dicía que cando bebía daquelas augas doíanlle menos os ósos, e parecía que a comida lle caía mellor no corpo. De feito, o curandeiro da vila facía caldos con aquel líquido elemento, pero el non daba moito creto ás fadas e misterios do manancial. Centos de anos máis tarde, aquelas augas bicarbonatadas e ferruxinosas rebautizarían aquelas terras como as de Mondariz.

Seguiu camiñando namentres o sol rachaba furioso o mencer. Sen dúbida, sería un día de moita calor, a pesar de que aínda estaban no mes de maio. Podía escoitar o cuco con claridade, facendo máis alegre o camiño, inundado de toxos en flor.

Pouco a pouco a luz do día que comezaba ía descubrindo as cores da fraga, dun verde forte e limpo.

De súpeto, Brais escoitou falar a un home, cunha voz grave e firme, non a moita distancia. Pensou en seguir camiñando sen máis, pero acordouse do seu curmán Roi dous meses atrás no camiño do Ferreiro. Deixárano en calzóns e cunha malleira no corpo para gardar leite unha semana, todo por roubarlle unha restra de chourizos e un pouco de pan moreno de avea.

Non era estraño naqueles tempos atopar vagabundos e bandidos que levaban os cartos e ata a vida aos que ían polos camiños sen tento.

¡Cantos peregrinos quedaron sen o pouco que posuían facendo o camiño das estrelas!

Achegouse a modo, e os seus pasos disimulábanse entre os cantos alegres do cuco, que presaxiaban bo tempo, e a música de pedra que invariablemente tatarexaba o río.

Camuflado entre os moitos sobreiros e carballos, chegou a un punto que lle permitía unha visión segura do claro do bosque de onde chegara a voz daquel home.

Sen embargo, o que Brais viu aquela mañá deixouno sen alento. En vez de atopar o rudo home que imaxinaba, descubriu, soa, en medio da fraga que se ía desembarazando da néboa matinal, a unha muller como sacada dun soño.

Sen dúbida, era unha dama nobre, posto que as súas roupas o anunciaban. Levaba un vestido vermello escuro, con encaixes nas mangas e bordados moi traballados ao longo do traxe, todos dourados.

Un cinto con labirintos de costura perfilaba a súa esvelta cintura, e caía case ata os pés da dama. De pel branca e fina, levaba unha capa de brocado de seda, feita nunha única peza, pero que deixaba adiviñar a delicadeza e sinxeleza dos seus contornos. Os seus cabelos loiros ían trenzados con fíos finos e case que imperceptibles, de cor vermella e azul, e escondíanse baixo un pano de seda branca que lle chegaba á cintura. A pesar da dozura dos seus trazos, os seus ollos verdes denotaban cansanzo e sabiduría, e parecían estar mirando a un mundo lonxe de alí, coma perdidos no tempo e no espacio, no lugar segredo que todos temos dentro de nós.

Brais observou a aquela dama vestida de ouro e sangue, e pensou que a era a máis fermosa que nunca vira.

Uns instantes despois, o rapaz sentiu que unha suor fría baixaba polas súas costas. Decatouse de que a misteriosa dama o estaba mirando.



Era noite e as estrelas aínda salferían o teito gris do mundo, mentres media lúa daba claridade e maxia ao Castelo. Pensou que a levarían

dende a Torre da Homenaxe cara o alxibe, e de alí ás cámaras soterráneas, pois a saída oculta non podía estar noutro lugar. Sen embargo, levárona ata os cortellos dos cabalos, onde os agardaban un corcel normando e unha mula zamorana.

No fondo das cortes, á dereita, había unha porta de dúas follas, baixo un basto lintel de pedra. Belarmino abriuna sen cerimonia, e díxolle que fora con tento, pois o chan era de terra e esvaradizo. El pecharía o paso levando as monturas.

En realidade, aquel pasadizo oculto non tiña moito de segredo, pois adoitaba ser empregado para levar as bestas a abeberar ao río, ademais de ser unha saída de emerxencia inestimable para ocasións máis bélicas e comprometidas.

O túnel estaba alumeado só por uns poucos fachos de sebo, polo que o ambiente enchíase dun fedor forte, que nada tiña que ver co das candeas de cera de abella dos seus aposentos. A modo de ventilación, cada certa distancia había pequenos buratos no teito irregular de pedra, polos que se coaba a pouca claridade da noite.

Alfonso xa a encerrara no pasado nun castelo de Soria, molesto polas súas aventuras de alcoba. Escapara, como agora, polo favor dos seus, entre os que sempre se atopaba o fiel vasalo Belarmino.

Mentres baixaba polo pasadizo, pensaba no seu fillo, fonte de tantas intrigas. Aquelo era como unha partida de xadrez interminable. Tras enviuar do seu primeiro marido, os ricoshomes e nobres da Corte suxeríronlle o beneficio do seu matrimonio con Alfonso de Aragón, buscando a unificación do seu Reino con Galicia e Castela. E agora, casada cun home que detestaba, víase presa polo Conde de Traba, nobre galego outrora do seu lado, que soñaba cunha Galicia independente dirixida polo neno que ela tivera co defunto Raimundo de Borgoña, do que era padriño e titor.

Era o Conde, ademais de un vello guerreiro ao que seguían con singular fidelidade cabaleiros leoneses, asturianos e galegos, señor do Castelo que agora ela abandonaba en medio da noite.

Sentíase como un catavento que recolle tódolos ventos do mundo, xirando sen vontade propia. E sabía que aquela brisa silenciosa seguiría empurrando largo tempo, pois as políticas da Corte mudaban de cor e bandeira segundo as circunstancias de Estado.

Case sen decatarse, chegou ao final do incómodo túnel, saíndo nun pequeno claro da fraga disimulado entre sobreiros, matoxos e penedos, mentres o mencer xa ía despexando as sombras da noite. Belarmino díxolle que agardara namentres abeberaba o corcel e a mula, pois xa os debían estar esperando no punto acordado para partir cara Compostela. Naquel intre brevísimo de quietude, pensou que quizais debiera terse deixado enganar polos seus desexos máis íntimos, e ter contraído segundas nupcias co Conde Gómez, exercendo así de amantísima esposa e deixando as batallas de pazo para os homes, pois con frecuencia a súa condición feminina impoñíalle unha dobre loita.

Recordou a súa mocidade, cando só era unha Infanta soñadora...canto tempo levaban perdidas as miradas cómplices, os murmurios entre doncelas, a inocencia.

Treboadas do pasado que a fixeran máis forte, loitando con máis dureza polo que temía ca polo que desexaba. Soubo que o que tiña por perder non era máis importante do que xa deixara polo camiño, e iso convertíaa nunha loitadora incansable.

O canto dun cuco sacouna do seu ensimismamento. Sentiuse observada. Puido ver, durante uns instantes, a un rapaz de a penas trece anos agazapado tras unha sobreira.

Miráronse ao fondo dos ollos, e ela soubo que a pesar de todo o seu poder, nunca tería a liberdade daquel mozo de ollos limpos. Pasaron uns segundos eternos.

Xirou sobre os seus pasos e dirixiuse onde estaba Belarmino coas monturas. Era hora de poñerse en marcha.



Cando a dama marchou, Brais quedou moi quedo, pois escoitou rinchos e máis pasos, e novamente a voz do home, forte e firme. Pensou que aquela muller debía ser alguén moi distinguido da Corte, a pesar de que

a penas vira, de lonxe, algunha doncela nos días de mercado. Era só o fillo do Muiñeiro, e isa xa era bastante linaxe na vila, a pesar de que os dezmos equiparaban e alixeiraban as economías de aldea.

Dous días despois, soubo na vila que Dona Urraca I, Raíña de Castela e Aragón, fuxira por un pasadizo da fortaleza que, séculos máis tarde, recomposta de múltiples batallas e feridas, e reinventando a súa arquitectura e lenda, foi coñecida coma o Castelo de Sobroso.

Polo que puido entender, certos nobres galegos non estaban dacordo coas políticas do esposo da Raíña, o temido Alfonso “O Batallador”, posto que na suposta unificación do reino este limitaba os cargos de Estado para nobres e cabaleiros da coroa aragonesa.

Dixeron que a Raíña viaxara cara Santiago de Compostela, agardando do Bispo Xelmírez consello e trato de favor, inda cando el mesmo, aseguran, era fonte das maiores intrigas do Condado de Galicia, no que o vento non deixaba de bailar.

**María Oruña Reinoso**